

Os vixiantes do ceo das Rías Baixas.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 26 Setembro 2011 00:49



Polas noites, nos cumios do Monte Alba, A Groba ó Galiñeiro non todo é soidade. Dende hai anos, un grupo de homes e mulleres amantes da astronomía trepan ata os devanditos curutos co fin de albiscar as marabillas profundas do Universo que habitamos. Desas andainas de observación quedan rexistros fermosos e abraiantes como a fotografía que acompaña a nota, a pasaxe do cometa Garrard polo ceo galego. Este grupo de afeccionados investigadores integran a [Agrupación Astronómica Rías Baixas \(AARB\)](#), que dende o ano 2000 traballa na observación e divulgación astronómica no sur de Galicia.

Pablo Martínez Alemparte, profesor de Astronomía e arqueólogo é o autor desta astrofotografía, tomada o pasado 26 de agosto en Aguasantas, no concello de Cotobade, durante unha xornada de divulgación organizada dende o Concello de Pontevedra. Nela mírase ao cometa durante a súa pasaxe polo Messier 71, un grupo de estrelas antigas situadas na constelación de Sagita, a uns 12.000 anos luz da Terra.

Imaxes como esta pódense atopar na [web de Martínez](#), como no [portal da AARB](#). Tamén as datas de saídas de observación, as que son abertas a persoas de todas as idades.